



A Xunta investirá máis de 1 millón de euros na mellora da AC-960 e a AC-261

Renovará o firme das estradas que unen A Susana con Ledesma e Rodiño co alto de Rubio

O derradeiro Consello da Xunta do mes de novembro acaba de darlle luz verde á contratación das obras de renovación do firme de 19 estradas de titularidade autonómica, entre as que se atopan a AC-960 e a AC-261, ao seu paso por Boqueixón. Unha actuación que ten como obxectivo mellorar as características e a seguridade viaria en ambas estradas.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, explica que “a Xunta de Galicia vai destinar algo máis de 1 millón de euros a mellorar as estradas AC-960, A Susana-Ledesma, e a AC-261, Rodiño-Alto do Rubio. Os traballos consistirán na rehabilitación do firme destas dúas estradas e incluírán distintas actuacións para conseguir unha maior durabilidade”. Unhas obras que serán licitadas nas próximas semanas pola Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, a través da Axencia Galega de Infraestruturas. O prazo de execución dos traballos será de catro meses.



Ademais da mellora do firme da AC-960, a Xunta tamén fará unha senda peonil



As obras mellorarán a capa de rodaxe da AC-261 ao seu paso por Boqueixón

En 2006 licitarase a senda peonil na AC-960 entre Sergude e Rodiño

A mellora do firme na estrada AC-960 coincidirá en 2026 con outra actuación da Xunta: a construción dunha senda peonil entre Sergude e Rodiño, que suporá un investimento de case 750.000 euros. A Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas ten previsto redactar o proxecto antes de finais deste ano para así poder licitar as obras no 2026 e despois executalas.

Trátase dun itinerario cunha lonxitude de 1,3 km que comunicará Sergude e Rodiño ao longo da estrada autonómica AC-960, reforzando a seguridade dos usuarios máis vulnerables das vías, é dicir, os peóns e os ciclistas.

CALENDARIO DO PUNTO MÓBIL

24 nov / 14 dec

SERGUDE

Campo da festa de San Bieito

15 dec / 04 xan

LESTEDO

Campo da festa

05 xan / 18 xan

LAMAS

Campo da festa



O INCIPIT busca xente que queira participar nun estudo científico

O Instituto de Ciencias do Patrimonio (INCIPIIT) está levando a cabo un estudo experimental sobre patrimonio cultural e mente humana no que precisa a participación de persoas de diferentes idades e perfís. Por iso, o vindeiro 16 de decembro, de 10:00 a 20:00 horas, estarán na Casa do Concello de Boqueixón para atender a todos os veciños e veciñas que desexen participar.

A actividade consiste na realización dun exercicio de observación de imaxes e obxectos arqueolóxicos e etnográficos con tecnoloxías de seguimento visual. Unha proba que dura uns 15 minutos e que busca comprender como procesamos esa información visual e tomamos decisións: como miramos a imaxe, canto tempo ollamos cada punto...

A participación neste estudo experimental, que non supón ningún tipo de risco, conleva unha compensación de 25 euros, que se entregarán despois de realizar o exercicio. Todos os veciños e veciñas de Boqueixón que estean interesadas en participar neste proxecto, denominado "XSCAPE-Material Minds", deberá anotarse previamente no Departamento de Emprego do Concello de Boqueixón, chamando ao teléfono 981 513 061.



As parroquias de Lamas e Vigo, unidas por senda peonil

O Concello recupera unha barredora para manter as sendas

O Concello de Boqueixón vén de rematar as obras de construción dunha nova senda peonil entre Lamas (O Outeiro) e Vigo (Castenda), de modo que estas dúas parroquias quedan unidas a través das distintas sendas peonís construídas ao longo dos últimos tempos e que tamén teñen un tramo na prolongación ata Sergude.

Deste xeito, Boqueixón pasará a contar con máis de 12 quilómetros de sendas peonís, que mellorarán a seguridade viaria dos veciños e veciñas. Por esa razón, o Concello decidiu recuperar e poñer a punto a máquina barredora que, cos seus cepillos encárgase do mantemento e limpeza das distintas sendas peonís, dedicándose en especial a eliminar as malas herbas que sempre se forman nas beiras.



Proba dos novos cepillos da máquina barredora municipal

Melloras nas estradas da contorna do polígono de Camporrapado

O Concello de Boqueixón vén de investir uns 60.000 euros na mellora de varios camiños que rodean o polígono empresarial de Camporrapado. Unhas melloras que foron posibles grazas a un investimento conseguido polo alcalde Ovidio Rodeiro nunha reunión mantida coa conselleira de Economía e Industria, María Jesús Lorenzana, en xuño deste mesmo ano. Un encontro no que tamén abordaron as necesidades de solo empresarial na zona.



Dous dos viarios mellorados na contorna do polígono de Camporrapado



As obras consistiron no reforzo do firme cunha capa de aglomerado en quente de 5 centímetros, previa reparación de fochancas con grava e tratamento asfáltico semiprofundo. En total, actuouse sobre unha superficie de 1.795 metros cadrados onde ademais, e para mellora da seguridade dos

peóns, executouse unha senda peonil de 195 metros de lonxitude e cun ancho medio de 1,8 metros, mediante 20 centímetros de zahorra e 15 centímetros de formigón de cor.

A maiores, e para unha mellor recollida de augas pluviais, construíuse unha rigola de 30 centímetros de formigón e instalouse

unha tubaxe ao longo deses 195 metros de senda, con 12 arquetas sumidoiro e seis pozos de rexistro na calzada.

As obras remataron coa limpeza das cunetas e a colocación da sinalización horizontal, co correspondente pintado de liñas de bordo e símbolos de tráfico.

A Casa da Cultura acollerá o festival Sons do Alborexar o 13 de decembro

O auditorio da Casa da Cultura de Camporrapado acollerá o festival Sons de Alborexar, organizado pola asociación cultural Mestre Manuel Gacio, en colaboración co Concello. Un festival que terá lugar o sábado 13 de decembro, a partir das 17:00 horas.

A iniciativa contará coas actuacións da Asociación Cultural Pena Maior de Marrozos (Santiago de Compostela), a Asociación Folklórica Lembranzas do Tambre de Sigüeiro (Oroso) e os locais da Asociación Cultural Mestre Manuel Gacio.

Durante a celebración desa xornada tamén se fará entrega dos premios do certame literario "Mestre Manuel Gacio", para alumnado de primaria e secundaria.



Orixes Galegas, nova carnicería en Camporrapado

Camporrapado estrea carnicería: Orixes Galegas, un local especializado en Porco Celta e con obradoiro propio promovido por Nando López e Fernando Calviño. O local abriu as súas portas coa asistencia do director xeral de Agacal, Martín Alemparte, e o alcalde Ovidio Rodeiro.



Manuela Casal Carrillo celebra o seu cen aniversario

O alcalde Ovidio Rodeiro; a concelleira de Servizos Sociais, Ángela Conde; e o concelleiro de Turismo, José Luís Mareque, visitaron a Manuela Casal Carrillo, veciña do Forte, para felicitala con motivo do seu cen aniversario. Como é tradicional, o Concello entregoulle un ramo de flores como agasallo.

O Forte e Codeso estrean as primeiras dúas áreas de composteiros comunitarios

O Concello vén de construír as dúas primeiras áreas de composteiros comunitarios no municipio, emprazados no Forte (a carón do CPI Antonio Orza Couto) e Codeso (ao lado da residencia). Unha actuación na que investiu máis de 25.000 euros.

O alcalde Ovidio Rodeiro explica que “trátase dun paso máis adiante na nosa campaña de promoción da compostaxe doméstica na que levamos repartido case un milleiros de composteiros entre a veciñanza. A nosa intención é minimizar a xeración de residuos e concienciar á xente da importancia da reciclaxe e dos seus beneficios a nivel ambiental, social e mesmo económico, pois poden transformar os seus refugallos orgánicos nun compost de calidade que pode reutilizarse como abono”.



Composteiros comunitarios a carón do CPI Antonio Orza Couto

Con esta acción, a veciñanza contribúe a diminuír os residuos enviados a vertedoiros, promovendo así unha economía circular. Os composteiros están situados nos lugares que máis fracción resto produ-

cen pero ademais ofrecen tamén unha nova vía de reciclaxe da materia orgánica a aqueles veciños e veciñas que viven en bloques de pisos ou que non dispoñen dun terreo onde valorizar eses residuos.

Recollida de plásticos agrícolas, en xaneiro

O Concello anuncia que do 26 ao 30 de xaneiro de 2026 ten previsto poñer en marcha un servizo de recollida de plásticos agrícolas xerados nas explotacións agrogandeiras, sempre limpos de terra e restos de orgánicos. O servizo pasará a recoller os plásticos directamente en cada explotación co obxectivo de facilitar unha xestión responsable e sostible deste tipo de residuos.

As persoas interesadas deberán chamar antes do 21 de xaneiro ao 981 513 061 indicando: tipo e volume aproximado de residuos a entregar, así como o nome, enderezo e teléfono de contacto.



Tempo de magosto na Granxa e Sergude

O outono é tempo de castañas, tempo de magosto. Mais no rural galego, o magosto é máis ca

unha festa popular, é un evento social que inclúe reunirse coa veciñanza para compartir unhas

castañas en torno a unha mesa. Ben o saben os veciños e veciñas da Granxa e os da Asociación de Ve-

ceiños Areosa de Sergude, que nestes días celebraron os seus tradicionais magostos.

Nadal Activo, unha aposta por facilitar a conciliación familiar

O Concello de Boqueixón abre o prazo de inscrición nunha nova edición do servizo de conciliación Nadal Activo, un programa lúdico educativo que facilita a conciliación laboral e familiar nestas vacacións de nadal. As actividades desenvólvense nas instalacións do Concello de Boqueixón e do CPI Orza Couto os días 22, 23, 26, 29 e 30 de decembro de 2025 e días 2, 5 e 7 de xaneiro de 2026. O horario será de 9:00 a 14:00 horas.

O Concello oferta 25 prazas, dirixidas a rapaza da que curse 2º ciclo de educación infantil, primaria e secundaria, con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, cuxas nais, pais, titoras ou titores estean empadroados/as en Boqueixón (mínimo 3 meses de antigüidade) ou cando os/as menores estean escolarizados nun



centro educativo do concello de Boqueixón.

O prezo polos 8 días é de 50 euros, existindo a posibilidade de solicitar días soltos (10,00 euros). O Concello de Boqueixón ten establecido tamén un amplo catálogo de bonificacións por ingresos familiares, supostos de emerxencia social, integrantes da unidade familiar... que van dende o 25% polo segundo irmán ou irmá matriculado/a ata o 100% de bonificación.

As inscricións realízanse enviando a ficha de solicitude e demais documentación obrigatoria, a través da sede electrónica do Concello de Boqueixón (preferentemente) ou ben presencialmente no Rexistro Xeral do concello, ata cubrir as prazas ofertadas. Unha ficha que pode descargarse na web municipal (www.boqueixon.gal).

Máis información e dúbidas no 981 513 061, 981 513 106 ou en cim@boqueixon.com.

Gala de Nadal do club Squadra Boqueixón Rítmica

O pavillón do Forte acollerá o sábado 13 de decembro, a partir das 12:30 horas, a Gala de Nadal do Club Squadra Boqueixón Rítmica. A entrada é totalmente libre e de balde. Un evento que conta coa colaboración do Concello de Boqueixón e da Deputación da Coruña.

O Forte acollerá o Torneo de Nadal

O Concello convoca o Torneo de Nadal, que terá lugar o 24 e 25 de decembro no pavillón do Forte con 2 categorías: Júnior (10-16 anos) e sénior (+16). Inscricións antes do 19 de decembro en Deportes (638 567 029 ou deportes@boqueixon.es). Sorteo dos grupos o día 20, ás 12:00, no salón de plenos.



Ánxeles Vázquez anima a decorar o Nadal dende Boqueixón

A conselleira de Medio Ambiente, Ánxeles Vázquez, visitou as instalacións de Viveiros Compostela en Pousada, onde convidou a apostar polas plantas de produción local como decoración deste Nadal.



Gran participación na charla de Horta Ecolóxica en Ledesma

O local social de Vila (Ledesma) encheuse para acoller a charla de Horta Ecolóxica organizada polo Concello e impartida por Adelina Padín, que explicou as vantaxas e mercado deste tipo de produtos.



Novo éxito da xornada de sensibilización

Algo máis de medio cento de persoas participaron na VII Xornada de Sensibilización en Violencia contra a Muller, celebrada na casa da cultura e que estivo organizada polo CIM de Boqueixón en colaboración coa Consellería de Política Social e Igualdade e o Ministerio de Igualdade, ao abeiro do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero.

O alcalde, Ovidio Rodeiro, agradeceu a asistencia a unhas xornadas “que serven para avanzar no camiño da

non violencia, da igualdade e do respecto á muller”. Neste sentido, puxo en valor o labor do Centro de Información á Muller, “un dos primeiros en poñerse en funcionamento na contorna e que o próximo ano cumprirá 20 anos de actividade”.

Rodeiro salientou que o centro realizou este ano máis de 300 actuacións en beneficio das mulleres de Boqueixón, Touro e Vedra; asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación socio-laboral, infor-

mación sobre recursos... ademais dunha atención integral e especializada ás mulleres que sofren violencia de xénero.

Xornada

A concelleira de Servizos Sociais e Igualdade, Ángela Conde, e a directora do CIM, Cristina Carbajales, foron as encargadas de dar a benvida ao público; mentres que a psicóloga do CIM, Yolanda Neira, introduciu á primeira poñente: Iria Pinheiro, actriz e psicopedagoga. Pinheiro

disertou sobre “A violencia obstétrica: anatomía dunha serea”, unha violencia que constitúe unha discriminación máis de xénero e da que ela mesma foi vítima.

Acto seguido tivo lugar unha función de teatro na que a actriz Estibaliz Veiga puxo en escena “Golpes”, unha peza que narra a historia dunha moza que sufriu violencia machista. A xornada contou coa colaboración musical de Natalí González, Xosé Silva e Fran Barcia, da AC Mestre Manuel Gacio.



Xantar veciñal na parroquia de Pousada (arriba) e tradicional comida de Todos os Santos de Noente (Ledesma)

Xantares veciñais nas parroquias de Ledesma e Pousada

Os veciños e veciñas das parroquias de Ledesma e Pousada veñen de celebrar sendos xantares veciñais. Algúns levan xa 45 anos facendo estas celebracións, como é o caso da veciñanza da aldea de Noente, que mantén esta tradición viva no día de Todos os Santos. Outros, despois dalgún tempo sen facer xuntanzas, comezan a recuperar estas iniciativas que tanta vida lle dan á parroquia. É o caso dos veciños e veciñas da parroquia de Pousada, que retomaron con éxito esta celebración.



Libro violeta contra a violencia de xénero

Boqueixón conmemorou o 25N cunha concentración ante a casa do concello na que participou persoal municipal, veciñanza e corporación municipal, encabezada polo alcalde Ovidio Rodeiro. A concelleira de Igualdade, Ángela Conde, deu lectura ao manifesto contra a violencia de xénero.

Tras gardar un minuto de silencio en memoria das vítimas, moitas das persoas

presentes deixaron a súa mensaxe no Libro Violeta de Boqueixón, unha campaña organizada polo CIM que recolleu mensaxes de reflexión, apoio e solidariedade na loita contra a violencia. O alumnado de "Tardes divertidas" amosou os traballos realizados polo 25N, mentres que o alumnado do CRA Vedra-Boqueixón asistiu a unha xornada de sensibilización e tolerancia.



Lestedo

Vén de feira

Rodiño

1º E 3º DOMINGO DE MES

2º DOMINGO DE MES



**PRODUTOS LOCAIS ROUPA ALIMENTACIÓN SEMENTES ARTIGOS PARA O FOGAR
FROITAS E HORTALIZAS PAN E DOCES CALZADO CARNE E EMBUTIDOS CHURROS
POLBO Á FEIRA VIVEIROS COMPLEMENTOS TÉXTILES**



NOVOS POSTOS

Descubre unha maior e máis variada oferta



SABOREA BOQUEIXÓN

Restaurantes, bares, polberías, cafeterías...



MERCA EN BOQUEIXÓN

Variedad, calidade e atención personalizada



DESCUBRE BOQUEIXÓN

Pico Sacro, turismo rural, sendeirismo...

Desfruta dun Nadal en familia

O Concello de Boqueixón ten preparada unha programación para este mes de Nadal deseñada especialmente para o desfrute dos máis pequenos da casa. Pero, como non nos esquecemos nas necesidades de conciliación das familias, xa está aberto o prazo de inscrición no **Nadal Activo**, que se desenvolverá do 22 de decembro ao 7 de xaneiro, en horario de 9:00 a 14:00 horas. Poderán participar alumnado de 3 a 16 anos empadroados en Boqueixón ou matriculados nun centro educativo do municipio. Toda a información: www.boqueixon.gal.

O máis madrugador será o **Papá Noel**, que o 19 de decembro visitará o CRA Boqueixón Vedra, a escola infantil municipal Raíña Lupa, o CPI Antonio Orza Couto,



O pavillón do Forte encheuse no Festival de Reis de 2025

a residencia de maiores e as casas do maior.

O xoves 24 e venres 25 chega outro clásico: o **Torneo Interparroquial de Fútbol Sala**, que terá lugar no polideportivo do Forte. Inscricións abertas no Departamento de Deportes ata o 19 de decembro.

E no Nadal volve o **Ciclo**

de Teatro Escena Pequena, que terá lugar no auditorio da Casa da Cultura de Camporrapado ás 17:30 horas. Entrada libre e de balde, non é necesaria inscrición previa. A primeira actuación será "**Pedro e o lobo**", un conto clásico de monicreques posto en escena por Fantoches Baj o sábado 27

de decembro. Malasombra Teatro, co seu divertidísimo espectáculo de pompas de xabón "**Os fabulosos cleaners**", pechará o ciclo na tarde do sábado 3 de xaneiro.

E os **Reis Magos** chegarán ao polideportivo do Forte na tarde do luns 5 de xaneiro xunto ao **Boqueixogo**, con animación de inchables para todas as idades e chocolate a partir das 17:00 horas. A iso das 18:30 horas está prevista a chegada de Melchor, Gaspar e Baltasar, que recibirán aos pequenos e atenderán as peticións de última hora. Se queres colaborar no Festival de Reis como Paxe Real, chama ao Departamento de Cultura (981 51 31 15).

E o martes 6 de xaneiro, nova sesión dos inchables de **Boqueixogo** no Forte.

AXENDA DO MES DE DECEMBRO

Martes
2

X Pleno Infantil

Salón de Plenos. 12:00 h.
Acto conmemorativo do Día Internacional dos dereitos das nenas e dos nenos. Co alumnado de 6º de Primaria do CPI Antonio Orza Couto. Colabora: UNICEF Galicia.

Mércores
3

Doazón de Sangue

O Forte. De 9:30 a 12:00h.
Diante do centro de saúde.
Camporrapado. De 12:30 a 14:00h e de 16:00 a 18:00 h.
Diante da Casa da Cultura.

Sábado
13

Gala de Nadal do Club Squadra Boqueixón

Pavillón do Forte. 12:30 h.
Colaboran: Concello de Boqueixón e Deputación da Coruña.

Sábado
13

Festival Sons do Alborexar

Casa da Cultura. 17:00 h.
Actuacións da AC Pena Maior, AF Lembranzas do Tambre e AC Mestre Manuel Gacio. Entrega dos premios do certame literario. Organiza: AC Mestre Manuel Gacio.

Martes
16

Estudo INCIPIT

Casa do Concello.
De 10:00 a 20:00h.
Inscricións: Departamento de Emprego: 981 513 061.
Compensación por participar: 25€.

Venres
19

Visita de Papá Noel

Escola infantil, CPI, CRA, residencia de maiores e casas do maior.

Luns
22

Nadal Activo

Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro.
De 9:00 a 14:00 horas.
Máis información e ficha de solicitude en www.boqueixon.gal.

Xo/Ven
24/5

Torneo Interparroquial de Fútbol Sala

Pavillón do Forte.
Anotacións antes do 19 de decembro. Sorteio o 20, ás 12:00 h, no salón de plenos.

Sábado
27

Teatro. Fantoches Baj: "Pedro e o lobo"

Casa da Cultura. 17:30 h.
Ciclo de teatro Escena Pequena.

... e en xaneiro

Sábado
3

Teatro. Malasombra Produccións "Os fabulosos cleaners"

Casa da Cultura. 17:30 horas.
Ciclo de teatro Escena Pequena.

Luns
5

Recepción aos Reis Magos e Boqueixogo

Pavillón do Forte. 17:00 a 21:00.
Boqueixogo con inchables e chocolatada.
A partir das 18:30 h, recepción das Súas Maxestades.
Inscricións: www.boqueixon.gal.

Martes
6

Boqueixogo

Pavillón do Forte. 17:00h.
Inchables.



Máis información e inscricións: Centralíña: 981 513 061
concello@boqueixon.com

CIM: 981 513 061
cim@boqueixon.com

Cultura: 981 513 115
cultura@boqueixon.com

Dto. Local e Turismo: 981 513 061
boqueixonturismo@gmail.com